

I Concurso Infantil e Xuvenil de Relatos "letras na brétema"

I Concurso Infantil e Xuvenil de Contos e Relatos, co fin de promover a creación literaria e valorar as historias populares entre os máis xóvenes, que se rexirá polas seguintes bases:

1º Poderán tomar parte neste concurso todos aqueles nenos e xóvenes de **ata 17 anos**, establecéndose **tres categorías**:

- **1ª categoría: ata 9 anos**
- **2ª categoría: de 10 a 13 anos**
- **3ª categoría: de 14 a 17 anos**

2º O tema dos relatos será: **mitos e lendas galegas.**

Os contos, “reais ou ficticios”, deberán estar baseados en historias ou personaxes populares e traicionais e ambientados dentro da comarca do Barbanza.

3º Os relatos contarán cunha **extensión** mínima, de texto, de 1 páxina dinA4, Times New Roman 12, interlineado dobre, numeradas e unha extensión máxima de 5 páxinas.

Valorarase a inclusión de debuxos relacionados co relato.

4º As obras presentadas deberán ser **orixinais e inéditas**. Non se admitirán relatos premiados con anterioridade en calquera outro concurso ou certame. A tal efecto, os concursantes realizarán unha declaración xurada na que se manifesten as referidas cuestións.*

5º Os relatos presentaranse en **lingua galega.**

6º Cada participante poderá presentar **un único relato.**

7º Os relatos presentaranse por duplicado, **sen asinar**, co **título correspondente, o seudónimo e a idade do autor, xunto cun sobre pechado no que conste asimismo o título, o seudónimo e a idade.** No sobre, introducirase a ficha de inscrición anexa debidamente cumprimentada cos datos do participante.

8º Os relatos entregaranse no bar Brétema, C/ Cervantes, nº6, 15960 Riveira, e enviarase unha copia dixital en formato de texto a editorialq@editorialq.com, enviando o arquivo co relato e as imaxes como arquivo aparte.

9º O prazo de admisión de orixinais comezará o día **1 de febreiro de 2012** e rematará o día **5 de marzo de 2012.**

10º Otorgarase **un premio** para cada unha das categorías, podendo declararse deserto. O premio consiste nun **vale de 100 € para trocar por libros ou material de papelería.**

11º O fallo do Xurado será definitivo e inapelable, e farase pública a lista de **finalistas** o día **20 de marzo de 2012** no bar Brétema. Ademais de comunicarse por correo electrónico aos participantes.

Valorarase tanto a creatividade do autor, como a calidade literaria.

12º A comunicación dos gañadores, así como a entrega de premios realizarase no bar Brétema durante un acto no que os finalistas lerán os seus relatos.

13º Os relatos premiados e os finalistas, serán publicados por Editorial Q. Asimismo, Editorial Q. Resérvase o dereito de publicar aqueles relatos que, sen seren premiados, lle parezan axeitados dos segundo a temática do certame.

14º As obras premiadas quedarán en propiedade da Editorial Q, á que os autores das mesmas transmiten en exclusiva os dereitos de explotación para a súa reprodución. Sempre que sexan utilizadas, citarase de maneira expresa o nome do autor da obra premiada.

15º As obras que non resulten publicadas serán destruídas.

16º Os participantes responsabilizaranse do cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de propiedade intelectual e do dereito á propia imaxe. A mera inscrición supón que o autor acepta responsablemente que a difusión ou reprodución da obra, no marco da promoción e información do presente concurso, non lesionará ou perxudicará dereito algún do concursante nin de terceiros.

17º Calquer consulta con respecto ás bases da convocatoria pode dirixirse a editorialq@editorialq.com.

18º A organización resérvase o dereito de contactar con calquer participante para suxerir ou pedir algún dato.

A participación no concurso implica a aceptación íntegra destas bases.

*Cada participante debe ser o autor da obra enviada. Por iso, coa súa participación faise responsable e garante a orixinalidade do texto enviado para a súa participación no concurso e o feito de que, nin o relato nin a súa explotación, infrinxen calquera dereito de terceiras partes, e en especial, dereitos de propiedade intelectual ou industrial. O participante obrígase a manter, en todo caso, indemne aos organizadores do concurso por calquer responsabilidade que teña que afrontar fronte a calquer terceiro derivada da falta de orixinalidade da obra enviada ao concurso.

Anexo:

Datos para cumplimentar e entregar en sobre pechado xunto co relato:

Nome do autor:
Título da publicación:
Seudónimo:
Idade:
Centro de ensino:
Dirección postal de contacto:
Correo electrónico de contacto:
Teléfono de contacto:

D., manifesto que son o propietario da obra presentada a concurso.

Asdo:..... En a de de 2012

Nombre do responsable ou titor:
Manifesto a miña conformidade coas bases do certame: Asdo:..... En a de de 2012
(Non cumprimentar o resto do formulario se son os mesmos datos)
Dirección de contacto:
Correo electrónico de contacto:
Teléfono de contacto: